

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/11/2024	GOB18I090
095A0R131Z2H18171E6N	

**ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTEÚN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**

<b>SRES/AS ASISTENTES:</b>  <b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> MARIÁN FERREIRO DÍAZ  <b><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u></b> D/D <sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D <sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO D/D <sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D <sup>a</sup> OLGA AMENEIRO LOPEZ D/D <sup>a</sup> MARIA DEL CARMEN LORENZO TOJEIRO D/D <sup>a</sup> JOSE OREONA BRA  <b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/D <sup>a</sup> MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ  <b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/D <sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinteún de marzo de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.  Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.  Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:
--	--

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

**2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO "IMPLANTACIÓN DE AUDIOGUIAS E CODIGOS QR EN PANEIS DO CENTRO DE INTERPRETACION DOS MUIÑOS INDUSTRIAIS DE XUVIA (CIMIX)".**

Vista a proposta formulada que di así: A técnico de Promoción Económica e Programas de Cooperación, en data 07 de marzo, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI18I08Q que di:

<i>TIPO DE DOCUMENTO</i>	<i>Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local</i>
<i>EXPEDIENTE</i>	<i>ASI/223/2023: Subvención para a implantación de audioguías e códigos QR en paneis do Centro de Interpretación dos Muíños Industriais de Xuvia (CIMIX)</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Aprobación da conta xustificativa</i>

*Por resolución da Alcaldía de data 15 de maio de 2023 acordouse a solicitude de subvención, a Axencia de Turismo de Galicia, para o proxecto "Implantación de audioguías e códigos QR en paneis do Centro de*

Interpretación dos Muíños Industriais de Xuvia (CIMIX)”, por importe de 12.295,27 €, que supoñía o 90 % do orzamento estimado do proxecto.

O pasado 31/05/2023, e a través do servizo de Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHU), a Axencia de Turismo de Galicia, notificou a este Concello a concesión definitiva da seguinte subvención para este proxecto:

Denominación proxecto	Orzamento subvencionable	Porcentaxe	Subvención proposta
Implantación de audioguías e códigos QR en paneis do Centro de Interpretación dos Muíños Industriais de Xuvia (CIMIX)	13.661,41 €	90 %	12.295,27 €

Segundo as bases que regulan a convocatoria, o órgano concedente realizará a súa achega una vez xustificadas os gastos, o que implica a aprobación da conta xustificativa.

Resultan de aplicación, para xustificar a subvención, os seguintes

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

- Resolucións da Alcaldía, do 22 de xuño de 2023, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.

Polo anteriormente exposto quen subscribe solicita á Alcaldía – Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a conta xustificativa da subvención para a implantación de audioguías e códigos QR en paneis do Centro de Interpretación dos Muíños Industriais de Xuvia (CIMIX), nos seguintes termos:

“

1. Cumpriuse a finalidade para a que foi concedida a subvención.
2. Os gastos totais soportados por esta entidade imputable á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Acredor	Concepto	Nº factura	Importe	Data emisión	Data recoñecemento obriga
IMPECABLE STANDS, S.L.	Implantación de audioguías e códigos QR en paneis do Centro de Interpretación dos Muíños Industriais de Xuvia (CIMIX)	1. 193	13.189,00 €	03/11/2023	13/12/2023

”

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO18I02N**, esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.



**3 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO "ACONDICIONAMENTO DA SENDA LITORAL ARTABRA (NARÓN)".**- Vista a proposta formulada que di así: A xefa de Organización, en data 07 de marzo, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI18I08N que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	ASI/206/2023: Subvención para o acondicionamento da senda litoral Ártabra (Narón)
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Aprobación da conta xustificativa

Na súa sesión ordinaria do 20/04/2023, a Xunta de Goberno Local deste Concello aprobou a solicitude, á Axencia de Turismo de Galicia, da subvención para o “Acondicionamento da senda litoral Ártabra (Narón)”, por importe de 79.055,47 €, que supoñía o 90 % do custo total do proxecto, co límite máximo para a liña de axuda a) Transición verde e ecolóxica de 80.000 € por proxecto.

O pasado 08/05/2023, e a través do servizo de Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHU, a Axencia de Turismo de Galicia, notificou a este Concello a concesión definitiva da seguinte subvención para este proxecto:

Denominación proxecto	Orzamento subvencionable	Porcentaxe	Subvención proposta
Acondicionamento da senda litoral Ártabra (Narón)	79.055,47 €	90 %	71.149,92 €

Segundo as bases que regulan a convocatoria, o órgano concedente realizará a súa achega una vez xustificadas os gastos, o que implica a aprobación da conta xustificativa.

Resultan de aplicación, para xustificar a subvención, os seguintes

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

- Resolucións da Alcaldía, do 22 de xuño de 2023, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.

Polo anteriormente exposto quen subscribe solicita á Alcaldía – Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a conta xustificativa da subvención para o acondicionamento da senda litoral Ártabra (Narón), nos seguintes termos:

“

1. Cumpriuse a finalidade para a que foi concedida a subvención.
2. Os gastos totais soportados por esta entidade imputable á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Acredor	Concepto	Nº factura	Importe	Data emisión	Data recoñecemento obriga
CTNES. GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L.	Certificación nº 1 da obra "Acondicionamento da senda litoral Ártabra (Narón)"	FE23 60	70.972,55 €	06/10/2023	08/11/2023

"Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO18I02M**, esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN, CANON DE AUGA, ALUGUER DE CONTADORES E LIXO DO 1º TRIMESTRE DE 2024; E AS LIQUIDACIONES DE ALTAS, ATRASOS E RESOLUCIONS DO CONCELLO DENDE 14/12/2023 AO 12/03/2024.-**

(....)

**PRIMEIRO:** Aprobar o padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao **1º trimestre do ano 2024**, cos seguintes importes:

Auga	391.119,66 €
Saneamento baixa	235.053,51 €
Saneamento alta	162.615,30 €
Depuración baixa	7.335,75 €
Depuración alta	222.033,82 €
Lixo	748.597,16 €
Bonificación SOGAMA	0,00 €
Aluguer contador	12.060,24 €
Canon da auga	131.393,21 €
IVE	104.381,01 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.014.589,66 €</b>

**SEGUNDO:** Aprobar o padrón adicional polos servizos de "auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo" correspondentes a altas de contribuíntes, atrasos e resolucións emitidas polo Concello de Narón desde o 14 de decembro de 2023 ata o 12 de marzo de 2024:

Auga	-1.242,41 €
Saneamento baixa	-508,04 €
Saneamento alta	-462,14 €
Depuración baixa	-16,83 €
Depuración alta	-84,99 €
Lixo	1.711,59 €
Aluguer contador	-1,42 €
Canon da auga	-1.221,68 €
IVE	-231,71 €
<b>TOTAL</b>	<b>-2.057,63 €</b>



**TERCEIRO:** Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

**CUARTO:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**QUINTO:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

**SEXTO:** A falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa perante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **5º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4